

A hand pointing upwards is centered in the background of a blue gradient. Overlaid on the hand and background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by thin lines. Each node contains a small silhouette of a person. The overall theme is digital connectivity and human interaction.

PLAN DIXITAL

IES VAL DO TEA

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1.Introdución

1.1 Datos básicos do centro

O IES Val do Tea é un centro de educación secundaria situado na cidade de Ponteareas na rúa Feliciano Barrera, 15. Os datos básicos de contacto son:

- Teléfono: 886110513
- Correo electrónico: ies.val.do.tea@edu.xunta.gal
- Web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaldotea/>

O centro educativo ofrece formación anual a 515 alumnos e alumnas da ESO, Bacharelato e ESA (Educación Secundaria de adultos). Nos últimos anos tódolos cursos teñen un mínimo de tres liñas, acadando incluso catro en 1º bacharelato. Para a etapa de bacharelato ofértanse os itinerarios de ciencias, ciencias sociais e artístico, sendo referente neste último no entorno da nosa localidade. A ampla oferta educativa é unha realidade grazas aos aproximadamente 52 docentes das diferentes especialidades.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro educativo localízase na localidade de Ponteareas, nun entorno demográfico caracterizado por unha poboación estable de aproximadamente 23.000 persoas, cunha natalidade descendente e unha renta per capita crecente pero aínda inferior á galega e tamén á media nacional. O noso centro educativo convive con outros centros do entorno cunha oferta académica similar que permite que a educación en Ponteareas sexa completa, integral e adecuada para as necesidades do alumnado da nosa comunidade.

De xeito particular, o alumnado do noso centro demostrou unha gran adaptación ao contexto dixital impulsado pola pandemia. Xunto co apoio institucional da consellería a través da dotación dunha ampla infraestrutura, formación permanente e recursos TIC acadáronse os obxetivos lexislativamente establecidos durante estes anos. Actualmente, recoñécese a dixitalización da educación coma unha constante no tempo que normativamente débese integrar nos documentos do centro. Neste sentido, as programacións (PXA e

programacións de departamento e de aula) contemplan metodoloxías didácticas e sistemas de avaliación sustentados na dixitalización. Ademais, no noso centro ofreceuse ao longo destes cursos formación para o profesorado a través do CFR de Vigo, mediante o Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) xestionado polo coordinador TIC.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital topa amparo legislativo nos seguintes textos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

Os centros educativos forman parte dun mundo en permanente cambio e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizados e por iso os centros educativos deben dar resposta a estas necesidades e demandas da sociedade e do mercado laboral para formar cidadáns do futuro coas habilidades necesarias para funcionar nun entorno dixitalizado. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que se desenvolven na organización escolar, dende as relacionadas con cuestións organizativas, ata as dos procesos de ensino e aprendizaxe é hoxe ineludible. A educación é un recurso fundamental para garantir a igualdade social, a promoción das persoas e, de xeito máis xeral, a mellora das condicións de vida das comunidades e das persoas. Así, a Estratexia Europa 2020 recoñece a

necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades.

Por outra banda, as organizacións educativas precisan revisar as súas estratexias para mellorar a súa capacidade de fomento da innovación e aproveitar ao máximo as tecnoloxías da información e a comunicación e os recursos educativos dixitais. A través do obxectivo do Plan de Centros Dixitais preténdese en primeiro lugar avaliar a situación do centro educativo en relación ao uso das TIC nos diferentes elementos clave recollidos no Marco Europeo de Organizacións Educativas Competentes Dixitalmente, para posteriormente deseñar e emprender un proceso de transformación no centro. Transformar o centro educativo nunha organización de aprendizaxe, que só é posible se é unha organización competente dixitalmente. Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver nelas unha cultura dixital.

O deseño do Plan Dixital de Centro deberá recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro no seu proceso de desenvolvemento e mellora. Así mesmo, é clave a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implantación do Plan Dixital do Centro, tanto pola visión global que pode aportar desde a súa responsabilidade (na fase de deseño), como pola súa capacidade de mobilizar recursos da organización e xerar un liderazgo distribuído que permita o cambio segundo principios democráticos (na fase de implantación).

O Plan Dixital do Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que se recolle noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo do Centro, e ambos os dous documentos deben ser plenamente coherentes e complementarios.

1.4. Proceso de elaboración

1. A análise da situación do centro realizarase a través das ferramentas para diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

a) Informe SELFIE: Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, idoneidade de incluír novas preguntas para a realización da proba por parte de todo o alumando (ESO e Bacharelato) e o profesorado.

b) Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD) De xeito complementario, o profesorado poderá realizar o test CDD. Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial que permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente, este informe permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

c) A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

2. Elección das liñas prioritarias do noso plan de acción para o vindeiro curso en virtude da análise do DAFO
3. Elaboración do plan de acción coas liñas prioritarias para presentar á CCP ou claustro.
4. Redacción do documento final do plan dixital para presentar ao Consello Escolar.

A elaboración do Plan Dixital coordínase e xestiónase atendendo as instrucións e tempos marcados pola Consellería en diferentes instrucións, canalizadas a través dos coordinadores ADIX. No noso centro educativo, o equipo de traballo está confirmado por dous membros de equipo directivo e o coordinador TIC do centro. De xeito coordinado, leváronse a cabo as diferentes fases de recollida, análises e elaboración do presente Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro educativo IES Val do Tea é un centro EDIXGAL dende setembro de 2021. Actualmente na ESO hai matriculados 296 alumnos/as, todos/as eles/as dispoñen dun portátil Lenovo prestado pola Consellería.

Infraestruturas e soportes do centro:

- O centro dispón de ordenadores situados na rede administrativa (oficinas, conserxería, equipo directivo e orientación).
- A sala de profesores dispón de seis ordenadores, empregados tanto para traballo docente como para tarefas de control de faltas de asistencia e cualificacións do alumnado a través do Xade.
- Portátiles antigos Abalar 271
- A impresión está centralizada en tres impresoras en rede, unha delas en cor, onde o profesorado libremente realiza as fotocopias que precisa para a súa labor docente.
- O centro está dotado con tres aulas de informática, as tres equipadas con Pizarra Dixital Interactiva cun proxector ultracurto e un ordenador para o profesorado.
- A aula de Informática 0 conta con 18 ordenadores de sobremesa.
- A aula de Informática 1 conta con 26 ordenadores de sobremesa.
- A aula de Informática 2 conta con 36 ordenadores de sobremesa.
- Aula de Plástica: dotada con 10 ordenadores.
- Biblioteca: 6 ordenadores e 2 para xestión de préstamos de libros. Dotada con canón de vídeo.

- Ordenadores portátiles: 17, algúns asignados aos departamentos e outros a libre disposición para levar ás aulas.
- As aulas da ESO e Bacharelato están equipadas dixitalmente con PDI's e un portátil para o profesorado.
- Dúas aulas de PMAR dispoñen de PTI (Pantalla Táctil Interactiva) compradas con presuposto do centro.
- Canóns de vídeo a disposición dos departamentos.
- Salón da actos: canón de vídeo e equipo de son.
- Cámara dixital.
- 12 Carros de carga portátiles EDIXGAL.
- 26 Profesores/as utilizan un portátil de EDIXGAL
- Aula virtual deseñada co xestor de contidos Moodle, dentro do proxecto oficial da Consellería Websdinámicas:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaldotea/aulavirtual/>
- Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvaldotea/>
- Os equipos da rede administrativa como os da sala de profesores foron renovados co presuposto do centro, así como o equipo de son do Salón de Actos, aula de música e Aula de Audiovisuais.
- Contamos con dúas redes wifi: Rede edu.xunta e rede ABALAR/EDIXGAL.
- 12 Aulas EDIXGAL.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas durante a etapa inicial para a realización do análise DAFO foron aquelas marcadas pola consellería e coordinadas a través do coordinador ADIX- De xeito particular:

- **Autoavaliación SELFIE:** Información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | | 3.2 | 3.1 | | |
| | Profesorado | | 3.2 | 3.3 | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | | 3 | 3.1 | | |
| | Profesorado | | 3.1 | 2.7 | | |
| | Alumnado | | 3 | | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | | 3.7 | 4.2 | | |
| | Profesorado | | 3.3 | 3.7 | | |
| | Alumnado | | 3.7 | | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | | 3.3 | 3.8 | | |
| | Profesorado | | 3.5 | 3.3 | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | | 3.2 | 3.4 | | |
| | Profesorado | | 3.9 | 3.7 | | |
| | Alumnado | | 3.8 | | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | | 3.1 | 3.1 | | |
| | Profesorado | | 3.4 | 3.2 | | |
| | Alumnado | | 3.1 | | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | | 3.1 | 3 | | |
| | Profesorado | | 3.1 | 2.8 | | |
| | Alumnado | | 2.7 | | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | | 3.3 | 3.5 | | |
| | Profesorado | | 3.1 | 3 | | |
| | Alumnado | | 3.1 | | | |

- **Test CDD:** Información recollida nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do Test CDD de centro, as cales móstranse a continuación:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | <u>18</u> | <u>38</u> | <u>47,4</u> |
| PROVISIONAL | <u>3</u> | <u>3</u> | <u>100</u> |
| INTERINO | <u>6</u> | <u>9</u> | <u>66,7</u> |
| SUBSTITUTO | <u>3</u> | <u>6</u> | <u>50</u> |
| DESAPRAZADO | <u>1</u> | <u>1</u> | <u>100</u> |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|------------------------|---|---------------------------------|
| <u>74,9</u> | <u>Integrador/a B1</u> | <u>76,4</u> | <u>Integrador/a B1</u> |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|-----|--------------------------------------|------------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 78,4 | <u>Integrador/a B1</u> | 79,2 | <u>Integrador/a B1</u> |
| BAC | 72,7 | <u>Integrador/a B1</u> | 77,9 | <u>Integrador/a B1</u> |
| F.P | 71,2 | <u>Integrador/a B1</u> | 75,9 | <u>Integrador/a B1</u> |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------|---|---|
| A1 | <u>2</u> | <u>6,5</u> |
| A2 | <u>8</u> | <u>25,8</u> |
| B1 | <u>17</u> | <u>54,8</u> |
| B2 | <u>3</u> | <u>9,7</u> |
| C1 | <u>1</u> | <u>3,2</u> |
| TOTAL | <u>31</u> | <u>100</u> |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro elaborou a análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|-----------------------------|--|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO | Elevado nivel de equipamento a tódolos niveis como base para unha dixitalización integral (C) | Conexións dixitais pouco fiables ou lentas pero con soporte técnico adecuado a nivel centro (pax.20) |
| | PERSOAL DOCENTE | Amplios e consistentes recursos e soportes para as boas prácticas pedagóxicas (E), fundamentalmente recursos online (E1) O SELFIE presenta uns índices de participación do 67% para bacharelato e un 41% para a ESO. O Test CDD 54,4%. | Baixo nivel de participación no traballo colaborativo en rede na etapa da ESO (B) Falta de tempo para profundizar no aprendizaxe dixital (A3) e consecuente baixo nivel de competencia dixital |
| | PERSOAL NON DOCENTE | Predisposición á integración e participación na dixitalización de procesos | Área do centro pouco integrada nos procesos organizativos e nas decisións no ámbito dixital |
| | ALUMNADO | Respeto pola normativa en materia de copyright e licencias (A4) | Baixo nivel de aprendizaxe de códigos e programación (H11) |
| | FAMILIAS | Familias con Abalar operativo superior ao 90% | Implicación na comunidade educativa limitada e intesificada pola pandemia. Non aproveitáronse os recursos dixitais. Dinámicas que requiren accións para o cambio |
| | OFERTA | Ampla oferta académica e aceptable nivel de aceptación do programa Edixgal na ESO | Pouca experiencia con Edixgal e ausencia do libro dixital no bacharelato |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | Recoñécese a promoción de PFPPs (SQ2) | Baixo nivel de implementación de proxectos interdisciplinares (F6) |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|--------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | Amplia oferta formativa en rede para impulsar a dixitalización dos procesos educativos dentro e fora do centro | Cambios lexislativos que non consideren os tempos necesarios para a coordinación e profundización na educación dixital |
| | LEXISLACIÓN | Potenciación da formación, aínda pouco dispoñible, en materia de LOPD no ámbito de menores | Plus de seguridade que precisa o tratamento de datos persoais dos menores en entornos virtuais |
| | CONTORNA | Recoñécese un elevado uso da tecnoloxía nos fogares do alumnado (PAX 29), o que representa unha palanca para metodoloxías como a gamificación | Importancia de facer un uso crítico e responsable das TIC fóra do centro |
| | ANPA | En proceso de renovación e reactivación tras a pandemia, posibilidades para a súa implicación na mellora dos procesos | Posibles reticencias a novas metodoloxías educativas con elevado compoñente dixital. Importancia de facer un uso crítico e responsable das TIC |
| | OUTRAS ENTIDADES | Ampla dispoñibilidade de recursos públicos que débense dinamizar no noso centro para potenciar os procesos dixitais | Dixitalización dos procesos educativos e organizativos con plataformas colaboradoras con problemas de funcionalidade |

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

| Área/s de mellora: PEDAGÓXICA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA | | | | | | |
|---|---|-----------------------|--|--------------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 1: (1) | Promover o uso da Aula Virtual | | | | Acadado | |
| Responsable: | Xefa de Estudos - Administrador da Aula Virtual | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | | | | | | |
| Valor de partida: (3) | O 25% do profesorado utiliza a Aula Virtual | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | Que o profesorado que utilice a Aula Virtual sexa > 50% | | | Xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Creación dun Grupo de Traballo/PFPP para afrontar o manexo da Aula Virtual. | Xefa de estudos e Coordinador do Grupo de traballo | Xuño de 2023 | Aula de Informática | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Mellorar a dispoñibilidade horaria do Coordinador/Administrador da Aula Virtual para poder atender o profesorado con dúbidas/dificultades de manexo das ferramentas da Aula Virtual. | Xefa de estudos e Coordinador/Administrador da Aula Virtual | Xuño de 2023 | Ordenadores da sala do profesorado ou da aula de informática | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Precisamos en Bacharelato uns 180 equipos para docencia directa na aula para que o alumnado poda traballar na Aula virtual. | Consellería/Equipo Directivo | Xuño 2023 | Equipos para o alumnado de Bacharelato | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| Área/s de mellora: LIDERAZGO | | | | | | |
|---|--|-----------------------|--|--------------------------|-------------|--|
| OBXECTIVO 2: (1) | Dixitalizar procesos administrativos internos (amoestacións, matriculación, tarefas de conserxería, autorizacións, etc.) | | | | Acadado | |
| Responsable: | Secretario do centro - Administrador da aula virtual | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | | | | | | |
| Valor de partida: (3) | Menos do 10% dos procesos administrativos | | | | | |
| Valor previsto e data: (4) | Conseguir dixitalizar un mínimo de 5 procedementos administrativos internos | | | | Xuño 2023 | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Establecer un control no uso das fotocopiadoras do centro por áreas | Secretaria e conserxería | Xuño 2023 | Ley 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Reducir o consumo de papel e do toner, especialmente a cor | Secretaría e conserxería | Xuño 2023 | Ley 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Reunións co persoal non docente e publicación e difusión de estadísticas entre o persoal do centro | Secretaría e conserxería | Xuño 2023 | Ley 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO

| | | | |
|--------------------------------------|---|-------------|--|
| OBXECTIVO 3: (1) | <ul style="list-style-type: none"> • Instalar Pantallas Táctiles Interactivas similares ás xa dispoñibles no centro, de 75 pulgadas • Equiparar o bacharelato á ESO con ultraportátiles para a docencia directa e o uso activo da Aula Virtual. | Acadado | |
| Responsable: | Consellería de Educación - Equipo Directivo | Non Acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2) | | | |
| Valor de partida: (3) | Dúas Pantallas Táctiles Interactivas | | |
| Valor previsto e data: (4) | Acadar o 20% das aulas de referencia con novas pantallas táctiles | Xuño 2023 | |

ACCIÓNS A DESENVOLVER

| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
|--|------------------------------------|-----------------------|---|--------------------------|-------------|--|
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Valorar as aulas de referencia máis prioritarias para a instalación destas pantallas | Equipo directivo e profesorado | Xuño 2023 | Reunións co profesorado e análise da docencia nas diferentes aulas e materias | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Valorar a instalación dunha Pantalla Táctil Interactiva de 75 pulgadas para a aulas de Tecnoloxía e/ou Biblioteca | Equipo Directivo e Coordinador TIC | Xuño 2023 | Fondos económicos | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.3: Valorar e comunicar a Consellería a potencial necesidade de dixitalizar a docencia dos bacharelatos | Equipo Directivo e Coordinador TIC | Xuño 2023 | Unha Pantalla Táctil Interactiva | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

4. Avaliación do plan

- No contexto da avaliación procesual, a frecuencia da súa realización, será como mínimo unha vez ao trimestre, e os aspectos a valorar, serán, como mínimo, o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final mediante os correspondentes instrumentos, a frecuencia da súa realización, que será como mínimo unha vez ao ano, e os aspectos a valorar, que serán, como mínimo, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O plan dixital será posto en coñecemento, primeiro do claustro e despois do Consello Escolar para a súa aprobación.

A principios do curso que ven, informarase a todo o profesorado dos puntos principais deste plan así como da posibilidade de apuntarse ao plan de formación.

Durante o curso se informará das accións que se están a realizar unha vez por trimestre.

As medidas de difusión a adoptar son:

- Información do Plan Dixital tanto á comunidade educativa do noso centro coma a outros centros, principalmente a través da páxina web.
- Programación de cursos, grupos de traballo, obradoiros, ... para conseguir que todo o profesorado acade unhas competencias mínimas nas TIC's.